



IV CONCURSO DE POSTAIS DO NADAL

BASES

1. **Poderán participar**, as seguintes persoas:
 - 1ª CATEGORÍA: hasta 5 anos.
 - 2ª CATEGORÍA: 6 a 9 anos.
 - 3ª CATEGORÍA: 10 a 13 anos.
 - 4ª CATEGORÍA: 14 a 16 anos.
2. A participación deberá ser **individual**, de maneira que non se aceptarán postais de grupo ou colectivas.
3. Cada participante só poderá presentar **unha obra**.
4. As postais poden ser en **branco e negro o a cores**.
5. O **tema** será o Nadal.
6. O **tamaño** mínimo será de 15x20 cms e o máximo en tamaño A4(folio); presentadas en cartolina. Na parte posterior figurará o título da obra e os datos do autor. Debe indicarse nome, idade, teléfono e enderezo de correo electrónico.
7. **A técnica** a empregar será libre.
8. As obras serán, necesariamente, **orixinais e inéditas**.
9. Os traballos presentaranse na **Casa dos Mestres de Amorín**. A data de recepción das propostas serán os domingos 30 de novembro, e 7 de decembro no horario de 11 a 13 horas da mañá.
10. O día 13 de decembro as 18 horas na Casa dos Mestres de Amorín, o xurado dará a coñecer o gañador de cada categoría.
11. O día 14 de decembro quedarán expostas ao público, na Casa dos Mestres de Amorín, todas as postais que foron presentadas a concurso.



PREMIOS

Entre todos os participantes, elixirase un primeiro premio, en cada categoría.

O gañador de cada unha das catro categorías, recibirá un diploma acreditativo e un agasallo.

-1ª CATEGORÍA: Un vale por valor de 50€, para comprar nunha librería de Tomiño.

-2ª CATEGORÍA: Un vale por valor de 50€, para comprar nunha librería de Tomiño.

-3ª CATEGORÍA: Un vale por valor de 50€, para comprar nunha librería de Tomiño.

-4ª CATEGORÍA: Un vale por valor de 50€, para comprar nunha librería de Tomiño.

O xurado calificador estará composto por un membro da Asociación Veciños de Amorín, do Concello de Tomiño, Federación de Asociacións Terramiño, e Luís Gonçalves.

O xurado pode declarar deserta unha categoría por falta de participantes.

Notificación ós gañadores:

Os ganadores do concurso serán notificados a través da dirección de e-mail ou teléfono que faciliten. No caso de non poderse comunicar nun prazo dunha semana, contactarse ós gañadores suplentes seguindo o mesmo procedemento.

Cesión de propiedade e dereitos:

Coa aceptación do premio, o gañador do concurso consinte na cesión dos dereitos sobre a obra presentada a concurso, á Asociación Veciños de Amorin.

Entre as premiadas, elixirase unha, para felicitar o Nadal.

As obras presentadas formarán parte dunha exposición.

Todos os participantes do concurso garantirán a veracidade da autoría das postais enviadas.

Aceptación:

A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha das bases do concurso e o fallo inapelable do xurado.

Protección de datos persoais:

Os datos obtidos a través do formulario de participación, serán tratados de conformidade coas bases do concurso, no cedéndose ou comunicándose os mesmos a terceiros e unha vez rematado o concurso serán destruídos.

Todo aquilo que non este contemplado nestas bases, será resolto polo xurado, no momento preciso.